



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE DA XUNTA DE GALICIA E A REAL ACADEMIA GALEGA DE BELAS ARTES DE NOSA SEÑORA DO ROSARIO PARA O FINANCIAMENTO DE GASTOS CORRENTES E DE CAPITAL DESTINADOS Á REALIZACIÓN DE DIVERSAS ACTIVIDADES DE INVESTIGACIÓN E DIVULGATIVAS DO NOSO PATRIMONIO CULTURAL.

A directora xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, María del Carmen Martínez Ínsua,

DECLARA:

Que a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, a través da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, pretende formalizar coa Real Academia Galega de Belas Artes de Nosa Señora do Rosario o instrumento conxugal arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2025.

Que o instrumento conxugal ten por obxecto:

É obxecto do presente convenio entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, **o financiamento de parte dos seus gastos correntes e de capital necesarios para a realización de actividades de catalogación, conservación, estudo, investigación e divulgación do noso patrimonio cultural.**

Que o instrumento conxugal que se asinou se fundamenta no seguinte:

A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, dentro dos seus ámbitos de competencias amósase receptiva a todas aquelas iniciativas culturais que teñan por obxecto a protección e conservación do noso patrimonio cultural. O importante fondo documental, bibliográfico e artístico que posúe a Real Academia Galega de Belas Artes, e o seu incremento constante, obriga a realizar un proceso de catalogación permanente. Co fin de cumprir cos seus obxectivos, e por mor da crecente demanda de consultas de fondos e documentación por parte de diversas institucións públicas e privadas, para a realización de estudos e procesos de investigación encamiñados á protección e conservación do patrimonio, ten a necesidade de efectuar labores de conservación, catalogación, estudo e difusión do noso patrimonio cultural.

A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude da Xunta de Galicia financiará as actividades descritas con cargo á aplicación orzamentaria **13.04.433A.481.2 e 13.04.433A.781.3** dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma, cunha achega máxima de **120.000 €** no ano 2025.

De acordo co artigo 26 da Lei de subvencións de Galicia, para o outorgamento desta axuda non é posible promover a concorrencia pública por canto a Real Academia, custodia unha serie de fondos artísticos e documentais, en proceso de catalogación, que constitúen un ben único e están dotados dun marcado carácter singular dentro do patrimonio cultural galego, que non se atopan en poder de ningunha outra institución, polo





que existen razóns de interese social no tocante á preservación do legado da academia, actuación que se encadra de cheo no ámbito de competencias desta consellería.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e co fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que así conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela

